

Psicolingüística evolutiva. A adquisición da lingua. Bilingüismo e plurilingüismo dende a óptica psicolingüística

Soraya Cortiñas Ansoar

Área Lingüística Xeral
Departamento Literatura Española,
Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND

4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788416183302>

MATERIA: Psicolingüística

TITULACIÓN: Módulo “Lingüística e procesamento das linguas. Aplicacións” dos Graos: Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas, Grao en Linguas e Literaturas Modernas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Psicolingüística e Neurolingüística. A linguaxe como función neuropsicolóxica. Linguaxe e cognición; mente e cerebro. Procesamento mental da linguaxe.

0.1. A natureza neuropsicolóxica da linguaxe. Bases cerebrais e psicolóxicas da lingua. A relación mente-cerebro e a linguaxe como función cognitiva.

0.2. Os modelos de procesamento da linguaxe: modelos conexionistas, modelos complexos, modelos neuropsicolóxicos. Procesamento e tarefas de produción, de comprensión, de lectura e de escritura.

0.3. Psicolingüística e Neurolingüística como áreas da Lingüística. Implicacións teóricas e vertentes aplicadas dos estudos sobre o procesamento neuropsicolóxico da lingua.

Unidade II. Psicolingüística evolutiva. A adquisición da lingua. Bilingüismo e plurilingüismo dende a óptica psicolingüística.

2.1. A adquisición da linguaxe. Concepcións innatista, conductista e construtivista. A lingua como función (cognitiva) emerxente do cerebro.

2.2. O desenvolvemento comunicativo na ontoxénese. A importancia de estudar a linguaxe peculiar en etapas evolutivas. As gramáticas infantís.

2.3. A competencia comunicativa en dúas ou máis linguas. Tipos de bilingüismo. Bilingüismo e hemisferios cerebrais.

Unidade III. As patoloxías da linguaxe: prismas lingüísticos. As aplicacións da Psicolingüística na Ensinanza de linguas e en Lingüística clínica.

3.1. As chamadas patoloxías da linguaxe como disfuncións da comunicación. Clasificación dos trastornos da comunicación e criterios lingüísticos.

3.2. Enfoques descritivos e avaliativos das disfuncións verbais. Medios lingüísticos estruturalmente limitados e estratexias verbais comunicativamente eficaces. Prismas e análises para a valoración da conduta comunicativa. Avaliación estandarizada mediante test e avaliación gradual a través de perfís.

3.3. Definición e ámbito da Lingüística clínica e a Logopedia. Aplicacións da Psicolingüística na Aprendizaxe e na Ensinanza de linguas.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais
2. Obxectivos específicos

METODOLOXÍA

CONTIDOS

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

Psicolingüística evolutiva. A adquisición da lingua. Bilingüismo e plurilingüismo dende a óptica psicolingüística é a segunda unidade didáctica da materia Psicolingüística (de 6 créditos ECTS). Esta é unha das materias obrigatorias do módulo “Lingüística e procesamento das linguas. Aplicacións”.

Os destinatarios aos que se dirixe a presente unidade didáctica son os estudantes do minor en “Lingüística e procesamento das linguas. Aplicacións” da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

A presente unidade didáctica ten o cometido primordial de mostrar a relevancia do procesamento mental da linguaxe. O alumnado conseguirá comprender como acontece o desenvolvemento da lingua no neno, así como a aprendizaxe de segundas linguas.

OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais da materia de Psicolingüística son:

- Adquirir conciencia reflexiva sobre diversos enfoques, métodos e modelos de aproximación a un mesmo fenómeno de interese (relación linguaxe-cognición, mente-cerebro), e como resultado de diferentes modos de concibir o obxecto de estudo e das distintas formas de fundamentar o coñecemento científico e os seus obxectivos.
- Comprender, comparar e aplicar algúns modelos de procesamento psicolingüístico das linguas (produción, comprensión, lectura e escritura).
- Exercitarse no manexo de métodos e técnicas de traballo empírico da Lingüística actual que permitan ao alumnado traballar con datos lingüísticos reais procedentes de grandes fontes e inventarios: corpus de fala infantil e corpus de datos de diferentes patoloxías lingüísticas.
- Coñecer teorías e tácticas para abordar o proceso de adquisición da linguaxe en contextos monolingües e multilingües.
- Dominar recursos lingüísticos básicos para analizar as habilidades comunicativas mermadas (en falantes con patoloxía) e a súa incidencia nas relacións interpersonais.
- Aplicar coñecementos e principios da Psicolingüística nas esferas da Lingüística clínica e da Aprendizaxe e Ensinanza de linguas.

2. Obxectivos específicos

A partir dos obxectivos xerais enunciados, son obxectivos específicos da unidade didáctica *Psicolingüística evolutiva. A adquisición da lingua. Bilingüismo e plurilingüismo dende a óptica psicolingüística*:

- Coñecer teorías e tácticas para abordar o proceso de adquisición da linguaxe en contextos monolingües e multilingües
- Ser capaz de analizar, recoñecer e describir marcos teórico-descriptivos sobre o desenvolvemento da lingua no neno.
- Analizar mostras de fala infantil.
- Recoñecer indicadores relevantes na estimación do bilingüismo (o plurilingüismo) individual.

METODOLOXÍA

A unidade desenvolverase ao longo do mes de novembro, tendo unha duración presencial de 17 horas e non presencial de 27 horas. Deste modo, calcúlase un total de 44,5 horas de traballo do alumnado.

As 17 horas presenciais repártense en 12 sesións expositivas, 4 sesións interactivas (ámbalas dúas de 55 minutos de duración) e unha titoría personalizada de 90 minutos de duración.

A distribución da carga ECTS desta unidade é a que se recolle na táboa 1 e o cronograma o que se recolle na táboa 2.

Táboa 1. Distribución da carga ECTS

TIPO DE SESIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL
Expositivas	12 (sesións de 55')	23	35
Interactivas	4 (sesións de 55')	8	12
Titorías personalizadas	1 (sesión de hora e media)		1
Totais	17 (sesións de 55')	31	48

O reparto dos contidos e actividades presenciais realizarase tal e como indica o seguinte cronograma:

Táboa 2. Cronograma

SEMANA	SESIÓNS EXPOSITIVAS	SESIÓNS INTERACTIVAS
3-7 novembro	2.1. A adquisición da linguaxe. Concepcións innatista, condutista e construtivista	Comentario de textos representativos no eido da adquisición da linguaxe
10-14 novembro	2.1. A lingua como función cognitiva (emerxente) do cerebro 2.2. O desenvolvemento comunicativo na ontoxénese	Traballo na Internet coa base de datos CHILDES e familiarización co sistema CHAT.
17-21 novembro	2.2. . A importancia de estudar a linguaxe peculiar en etapas evolutivas. As gramáticas infantís. 2.3. A competencia comunicativa en dúas ou máis linguas. Tipos de bilingüismo	Creación dun perfil lingüístico e estudo de mostras de fala infantil
4-28 novembro	2.3. Tipos de bilingüismo. Bilingüismo e hemisferios cerebrais	Visualización dun vídeo sobre bilingüismo e comentario de diversas noticias sobre bilingüismo

As explicacións da profesora serán a base das sesións interactivas da presente unidade didáctica. As sesións interactivas estarán constituídas polo traballo, tanto individual como colectivo, do alumnado, mediante a realización das actividades que se enuncian na táboa 2 e que desenvolveremos no apartado correspondente a “actividades propostas”.

As 27 horas non presenciais estarán destinadas á realización das lecturas obrigatorias da unidade didáctica (Fernández Pérez, 2006; Tomasello, 2003), así como á realización dun dos traballos obrigatorios da materia: elaboración dun perfil lingüístico utilizando como fonte que provee os datos o corpus *Koiné*. A titoría personalizada, cuxa data se decidirá co alumnado, servirá para explicar as pautas para a realización deste traballo.

A aula virtual da materia será un instrumento de axuda tanto para completar as explicacións das sesións expositivas como para a realización das tarefas non presenciais. Deste modo, ofrecerase ao alumnado un módulo de contidos, no que se introducirán as diapositivas utilizadas nas sesións expositivas, así como un módulo con tests online nos que o propio alumnado poderá autoavaliar os seus coñecementos, e un foro de debate no que os estudantes proporán as súas dúbidas para que poidan ser resoltas polos seus compañeiros ou polas profesoras da materia.

CONTIDOS

A unidade que nos ocupa contén os seguintes apartados e subapartados:

- 1. A adquisición da linguaxe. Concepcións innatista, condutista e construtivista. A lingua como función (cognitiva) emerxente do cerebro**
Tras realizarse unha chuvia de ideas e unha diferenciación entre “capacidade” e “habilidade” no eido da linguaxe, neste apartado expóranse amplamente as tres grandes teorías xerais (innatismo, condutismo e interaccionismo cognitivista e social) que explican a adquisición da lingua en etapas temperás. Posteriormente, recálcase a importancia que ten considerar a lingua como unha función emerxente do cerebro dende un marco social e comunicativo.
- 2. O desenvolvemento comunicativo na ontoxénese. A importancia de estudar a linguaxe peculiar en etapas evolutivas. As gramáticas infantís**
Neste apartado xustifícase a necesidade de considerar a linguaxe en etapas temperás partindo da idea de que se trata de linguaxe peculiar, con características propias. Estúdanse as características dos diferentes estadios, procesos ou etapas que se poden diferenciar en etapas temperás, atendendo a todos os niveis lingüísticos: morfosintáctico, semántico, fonético-fonolóxico e pragmático.
- 3. A competencia comunicativa en dúas ou máis linguas. Tipos de bilingüismo. Bilingüismo e hemisferios cerebrais**
Partindo da diferenza entre lingua aprendida e lingua adquirida, defínense detalladamente o concepto de “bilingüismo” e diferencianse diferentes tipos de bilingüismo. Conectando o eido da psicolingüística coa neurolingüística dábanse nocións básicas sobre a relación entre bilingüismo e hemisferios cerebrais.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Nas sesións interactivas levaranse a cabo diferentes actividades:

- **comentarios de texto.** Esta actividade desenvolverase na primeira semana (3-7 novembro). Trátase de tres comentarios de texto sobre as tres grandes teorías sobre adquisición da linguaxe. As funcións desta actividade son principalmente dúas:
 - práctica de contidos vistos nas primeiras sesións expositivas da unidade
 - exercitar o pensamento crítico e asociativo sobre os coñecemento adquirido. Debido a isto, máis alá de solicitar o comentario individual que se realice a partir dos comentarios da aula (e que será entregado na seguinte sesión interactiva), o profesorado observará as intervencións orais na aula e a actitude do alumnado;

- **traballo na Internet coa base de datos CHILDES e familiarización co sistema CHAT.** Esta actividade levarase a cabo na segunda semana na que se desenvolverá a unidade didáctica (10-14 novembro), na aula de computación. Nos primeiros 15 minutos o profesorado realizará unha exposición sobre que é o sistema CHILDES. Nos 35 minutos restantes, o alumnado dividirase en grupos de dúas-tres persoas nos que, a ser posible, exista diversidade de nacionalidade e sexo. Seguindo as directrices do profesorado cada un dos grupos, deberá contestar a un cuestionario sobre o sistema CHILDES e o formato CHAT, cuestionario que se enviará ao profesorado ese mesmo día por email. As funcións desta actividade son dúas:
 - familiarizarse co sistema CHILDES e o sistema de transcripción CHAT;
 - utilizar ferramentas informáticas para buscar fenómenos lingüísticos;
- **creación dun perfil lingüístico e análise de mostras de fala infantil.** Esta actividade desenvolverase na terceira semana (17-21 de novembro) na aula de computación. Tras unha explicación previa (10 minutos) sobre que é e como está constituído o corpus *Koiné* de fala infantil, o profesorado asignará a cada alumno e alumna un suxeito para analizar tres transcricións. O alumnado deberá navegar polo corpus e buscar algúns dos fenómenos lingüísticos traballados e definidos nas sesións expositivas. Este traballo rematarase na casa, pois cada un dos alumnos e alumnas deberá realizar un perfil lingüístico breve (8-10 páxinas) sobre o informante do corpus *Koiné* que previamente se lle asignou. As directrices para realizar este traballo daranse na tutoría personalizada, cuxa data se establecerá co alumnado. As funcións desta actividade son dúas:
 - analizar mostras da fala infantil aplicando os coñecementos adquiridos nas sesións expositivas;
 - diferenciar niveis lingüísticos en mostras de fala peculiar;
- **visualización sobre un vídeo e comentario de diversas noticias sobre bilingüismo.** Estas actividades levaranse a cabo na última semana (24-28 de novembro). Na primeira parte da sesión o alumnado visualizara un vídeo sobre bilingüismo no que un grupo de investigación de Granada presenta que investigacións desenvolven. Posteriormente dividirase ao alumnado en grupos de 4-5 persoas de maneira que se respeten o equilibrio cultural (diferentes nacionalidades) e o equilibrio de alumnos e alumnas e cada un dos grupos. Facilitaráselle a cada un dos grupos unha noticia extraída do xornal e cada un deles, partindo dos coñecementos adquiridos e do visto no vídeo deberá preparar unha exposición de dous minutos na que se expoña de maneira crítica o contido da noticia. As exposicións faranse ao final da sesión. As funcións desta actividade son dúas:
 - diferenciar tipos de bilingüismo e exercitar o pensamento crítico;
 - traballar a oratoria.

AVALIACIÓN

Nesta unidade didáctica realizarase unha avaliación inicial, unha avaliación procesual e unha avaliación final.

AVALIACION INICIAL. A avaliación inicial realizarase na primeira sesión expositiva na denominada “chuvia de ideas”, mediante a cal se elaborará colaborativamente a definición de “competencia” e “habilidade”. Trátase dunha avaliación inicial porque permite que o profesorado coñeza a profundidade dos coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos que se traballarán na unidade didáctica.

AVALIACIÓN PROCESUAL. Nas sesións interactivas o alumnado deberá entregar por escrito ou expoñer diferentes traballos, de maneira que a avaliación procesual é constante. As cualificacións obtidas en cada un dos traballos suporán unha porcentaxe do 40% sobre a puntuación obtida nas sesións interactivas (o 10% restante corresponde á asistencia e intervencións na aula), tal e como se recolle na táboa 3:

Táboa 3. Actividades da avaliación procesual

SEMANA	SESIÓNS INTERACTIVAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
3-7 novembro	Comentario de textos representativos no eido da adquisición da linguaxe	Comentario de texto individual
10-14 novembro	Traballo na Internet coa base de datos CHILDES e familiarización co sistema CHAT	Resultados dos exercicios propostos
17-21 novembro	Creación dun perfil lingüístico e estudo de mostras de fala infantil	Realización dun perfil lingüístico
4-28 novembro	Visualización dun vídeo sobre bilingüismo e comentario de diversas noticias sobre bilingüismo	Exposición de dous minutos na aula

- **AVALIACIÓN FINAL.** Esta avaliación levarase a cabo no exame final, que se celebrará na data oficial fixada pola Secretaría da Facultade de Filoloxía a través dunha proba obxectiva que contará con preguntas de carácter teórico referidas aos contidos desta unidade. Este exame final ten un valor do 50% sobre a totalidade da materia, tal e como se recolle na táboa 4.

Táboa 4. Avaliación da materia

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	VALOR
Asistencia, participación e aproveitamento das sesións presenciais	-Participación activa nas clases - Calidade e rigor dos traballos: asimilación de contidos, comprensión dos textos, análise e demostracións obxectivas e ben fundamentadas	Traballos e actividades	50%
Conceptos, métodos e ferramentas aprendidos durante o curso	- Dominio dos coñecementos teóricos e operativos da materia - Aproveitamento das lecturas obrigatorias	Exame final	50%

BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA DE LECTURA OBRIGATORIA

- FERNÁNDEZ PÉREZ, Milagros (2006), “El lenguaje infantil. Algunos lugares comunes revisitados”, en Actas del XX Congreso de la Asociación de Jóvenes Lingüistas (Málaga 2005), Interlingüística, 16, 1-21.
- TOMASELLO, Michael (2003), Constructing a Language. A Usage-Based Theory of Language Acquisition, Cambridge MA, Harvard University Press, cap. 1.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- ALTARRIBA, Jeannette e Roberto HEREDIA (2008), An Introduction to Bilingualism. Principles and Processes, Lawrence Erlbaum.
- AMBRIDGE, Ben & LIEVEN, Elena (2011), Child Language Acquisition. Contrasting Theoretical Approaches, London, Cambridge University Press.
- CLARK, Eve V. (2003), First Language Acquisition, Cambridge, Cambridge University Press.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, Milagros (2007), “La actualidad de los estudios sobre lenguaje infantil”, LynX. Panorámica de Estudios Lingüísticos, 6, 5-40.
- HOFFMAN, Charlotte (1991), An Introduction to Bilingualism, London, Longman.
- PARADIS, Michel (2004), A Neurolinguistic Theory of Bilingualism, Amsterdam, John Benjamins.
- SAXTON, Matthew (2010), Child Language. Acquisition and Development, London, SAGE Publishing.
- SERRA, Miquel; Elisabeth SERRAT, Rosa SOLÉ, Aurora BEL e Melina APARICI (2000), La adquisición del lenguaje, Barcelona, Ariel.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA